

Noitébregas

Non lle gustaba vivir no medio do bosque porque as súas soidades viñan ser unha molesta e constante imposición. Non había cousa nos contornos: nin granxas, nin igrexas, nin escolas, nin aldeas, nin vilas había. E ninguén, agás unha señora, vella e enfermiza, que moraba a unha legua ao norte, onde clarexan as árbores, nunha casiña rosada de balcóns azuis verde-mar. A ela íase por un alegre sendeiro cheo de bolboretas e paxaros. Gustaba de levar á casa aquela, por encargo da súa nai, caraveis de perfume e amorodos silvestres. Daquela, a vella dama, á que chamaban avoa, deixábaa pasar ao corredor e abría para ela o gran roupeiro das feridas, que escondía as arañas. E permitíalle subir á bufarda. Cría ver por enriba do lousado, dos cumios e do mato infindo o Camiño Real, no bordo do leste, máis aló da carballreira Peneirada.

Salvo esta anciá, non había ninguén.

– Non precisamos de acompañamentos. Con nós as dúas, abonda. A independencia é o noso agasallo –dicía a nai, tan contenta.

Agora ben, desde que tiña recordos, debecía por montar nos cabalos do tempo e fuxir da monotonía das horas apalpadas. Non lle gustaba a fraga nin nunca lle ía gustar.

Moi de cando en vez charlaba co garda-bosques que, pola demouca, percorría a súa manda. Aborrecía nel os ollos legañentos o beizo leporino sempre húmido, o tacto caloso das mans. No garda-bosques a floraba unha bondade case estúpida que resultaba insufrible, e por riba, soñaba, o pobre, con instruí-la nos delicados matices da fraga esquecida, na crenza de que tamén ela adoraba o afastamento

– O mundo non che vai ofrecer cousa distinta –a súa nai, o garda-bosques, a avoa, repentíanllo.

– ¿A vila? ¿Queres saber como viven na vila? Unha prosmada, nena, un lape-lape que non acaba; e se escoitasen, aínda. Toleas co rebumbio. Menos mal que me quedan estes viaxeciños... É marabilloso desfrutar desta paz, deste aire tan limpo... – suspirou con fondura, os ollos entregados, o carreteiro da ruada de Susmil, que traía mercadorías finas polo Aninovo.

Parecían confabulados para non explicarlle como funcionaba o exterior, eles, que tiveran a posibilidade de saír, e que escolleran o regreso pola súa vontade. Pechábanse nun sixilo fusco.

E ao lonxe, polo tempo das nevadas primeiras, cando estaba a piques de cumprir os quince anos, atopou alguén, un nómade, que descubriu para ela a recóndita beleza das cidades lonxincuas, envoltas na lucenza, nas cores golosas dun pavo real. Durante días faloulle el das xentes rechamantes (e contaba “milleiras” abrindo e pechando os dedos), xentes rechamantes

que non sufrían a prema de vestir atavíos colorados. Deslizouna el por escuras pistas sen paxaros nin bolboretas, nunha viaxe cos veloces carros sen empuxe animal, dicía fachendoso, guiados desde dentro sen esforzos.

– ¿Todos tan xuntos, de verdade? ¿Viven todos apegados?
–preguntou incrédula.

– Por xunto, como follas no outono.

– ¿Apretuxados?

– Así –e chincaba o ombreiro co seu ata facerlle cóxegas. Tiña os ollos ridores e divertidos. Ela empurrouno para afastalo e el deu unha viravolta cómica no aire. Izado por forzas sobrehumanas, saltou lanzal e aterrou de pé, seductor. Riron a gargalladas. Correron de poutelas, un en pos da outra. Rolaron pola herba. Quedou el enriba, xadeante e ela notou os latexos apurados do seu corazón contra o colete escarlata. Examináronse de preto, as respiracións ao unísono.

– Vaste mudando apetecible –díxolle el por fin, coas chasquetas de aprobación con que remataba as conversas ultimamente–. Calquera día estarás xa tan apetecible que te hei levar comigo.

– ¿E dás a palabra? –preguntou feliz, atrapada baixo o peso morno.

– Dou.

Era, sen embargo, unha promesa incumplida.

A nai e a avoa souberon daquelas xuntanzas. Rifáronlle.

– Con ese...Entra en conversas con ese, cando o ten prohibido, mira ti... Cun verballoas sen creto vai falar a cativa...

– Só pretende ese embaucar incautos, nena –clarexou a avoa.

– Haite pasar o mesmiño ca ao camiñante, ¿recordas?

Recordaba o camiñante con certa imprecisión. Aparecera unha mañá barrallosa de había un tempo. A súa nai fregaba nos cacharros do almorzo; entre tanto, ela paponeaba co errático zunar dun moscón caído na arañeira, no van escuro das contras. Tivera o impulso de liberalo ao ver os seus bríos por zafanarse, pero para cando o decidira, permanecía envolvido e indefenso no capullo de seda e a araña baixaba pola guía. O camiñante asomara entón e pedíralles comida. Silandeiro, bebeu un pouco leite e regresou á vereia, contento, dixo, pois lle faltaban vinte xornadas para arribar ao seu destino.

– ¿Lembras o viaxeiro de agosto, aquel que viñera xantar? Pois non acadou as portas da pousada de Susmil, o sabes.

Non replicou porque escoitara os rexoubes sobre aquel asunto durante moito tempo.

Ese –dixo a avoa–, ese non é bo para ti. Xa sei que resulta atractivo, xa o sei. Pero, oe, coa primavera sei que ten arroutadas e debes fuxir del.

Nunca o nomeaban.

– Vai coller as túas cousas. Marcharás coa avoa Delfina.

– Pero mamá –rosmou.

– Abonda –atallou a súa nai–. E sube ao cuarto.

Dende os chanzos, enfurruñada, espíou a conversa da cociña.

– A rapaza medra, muller.

– E nós non debemos esquecer a prudencia, Delfina. Ti e mais eu sabemos como gasta ese as súas artes raposeiras e con quen... E vai empregalas coa nosa pequena... –súa nai díxoo irada.

– Non te apures, muller.

Gardaba no saqueto unhas mudas e mais a capa colorada das ocasións, que lle tecera a avoa Delfina, cando resolveu marchar da fraga. Fuxiría con el. Pediríalle, suplicaríalle que a guiara ata algunha daquelas fermosas cidades que el tan ben coñecía. Decatouse de que a viaxe acordada ás súas costas e sen consultas previas, ía favorecerlle os plans de fuga, xa que el adoitaba vagar polos cómaros da casiña rosada, que ben o vía ela, atraído, acaso, polo arrecendo dos postres de crema e das bicas de mel e azucre da avoa Delfina. Baixou, pois, calada do cuarto e andou calada, sen facer cuestión polo peso da equipaxe, polo vieiro de bolboretas e de paxaros.

Ao chegaren, a avoa, para consolala, abriu o armario. Alí seguían as arañas repoludas nas limpas teas, no currunchos dos andeis das sabas brancas.

– ¿Para que queres tantas arañas, avoa? –preguntara nalgún momento.

– As arañeiras curan as feridas, tapan as veas, que paran de sangar con elas, ¿sabes? E pápanme as couzas todas.

Abríase o gran ropeiro e as arañas recuaban ao agocho. Espreitandoas, matinaba no desleixo das arañas, o desaproveitamento das circunstancias nas que as portas permanecían abertas para emprender a fuga daquela prisión.

Durante aquela tempada na casa da avoa, ergueuse ao clarear o día coa esperanza de atopar o perdido. Axudaba co traballo na horta. Por se aparecía, co pretexto de buscar auga á fonte, ou de sulfatar as viñas do sur, percorría as marxes da lagoa Augas Levadas en busca súa. Volvía un serán e outro co turtullo por unha ausencia que se prolongaba e non parecía ter fin. Chegou desconfiar que, extraviado no fragor da cidade, olvidara as arelas do regreso e mais os compromisos. E comezou soñar polas noites cos seus abrazos na brinca aquela de “vólveste comestible” e ían ás envorcalladas polas beiras do río, coma no xogo... E espertaba aturdida, co sol debuxando na xanela a sombra irreal do corpo ausente...

Unha mañá atopouno recostado nun olmo seco. Contemplaba o ceo anil por entre as árbores e moumeaba sobre os motivos recurrentes da natureza. (Ás veces, facía uso de palabras sonoras e incompresibles).

– ¿Que tes? –preguntoulle.

– Mulleres –exclamou–. Sonche ben complicadas –e disertou sobre a idade e a virtude e outros temas e, tal coma os mencionaba, semellaron importantes. Non entendeu moito, pero aquela lería de sórneas esfumoulle a zanga dos días últimos.

– Xa está –rematou–. E ti, ¿que tes? A ver, ¿que tes que preguntar ti?

– Madre afirma que comes xente –dixo. Estivéralle dando voltas ao asunto do viaxeiro de agosto.

– Túa nai –cuspiu con desprezo, e richou os dentes–. A túa nai é unha ignorante se iso di... ¿Comer xente? ¿Como podería papar na xente se “xente” significa moitas persoas xuntas –ergueu as poutas abertas–. Vós, cando pasades de catro, sodes invulnerables. Pregunta, pregunta á túa inculta nai.

– Pero o camiñante era un –amosou o índice.

– ¡Ah, ah! –birollaba chistoso os ollos ao mirar de preto o dedo izado–. Os viaxeiros acadan o seu destino. –E púxose divagar cunha teoría nova aprendida na cidade, que consistía, segundo dixo, en facerse un a través doutro. Explicoulla polo miúdo, con exemplos.

– Transsubstancialidade, chámase –rematou.

– Pensas que son parva. Eu non me sinto galiña cando bebo o consomé dos festivos. E non penso que as churras comidas cheguen a sentirse eu –e escachou a rir de pensar que, algún día, a avoa ou a nai ou ela mesma rifaran con cacarexos alporizados. Escorregou ata o chan con tanto riso. Os zapatos vermellos repousaron no arume caído.

– A verdade introducirache na roda da vida, nena –replicara el, sentando ao lado.

E escoitou falar do prana e da simbiose e doutras doutrinas imposibles de lembrar despois. Naquel intre mesmo, imaxinou, nunha iluminación repentina, as posibilidades que elas brindaban porque poderían abri-lle a evasión sen perigos nin ansias. Mirouno. Cavilou un rato.

– Ou sexa... ¿Se ti me comes, eu acabaría por ser ti e ti acabarías sendo eu? –preguntou por saír de dúbidas. Se el a levaba, se a levaba, abandonaría o bosco, o enorme bosco, podía apreciar case as portas abertas, e acabaría para sempre de ser unha araña enclaustrada e silandeira, agochada no fondón escuro.

– ¿Que? –preguntou el.

– ¿E cando o facemos? ¿Agora?

– Paréceme precipitado de máis –dubidaba.

– Vaste botar atrás –decepcionouse.

– Non me boto para atrás, bobiña. Espera o meu regreso –e chiscou un ollo ao desaparecer no mato.

Avanzou a seitura e pasou a vendima e aproximábase o outono e el non daba regresado para arrebatála ata aquel mundo nido e albo coma un espellismo na lagoa. Transcorrían os días e as noites entre soños. Soñaba ela coa cidade, a cidade da luz, das mulleres noitébregas e perfumadas, vestidas de nata, de ouro, que deixaban morrer as horas fumando nos casinos.

E apareceu de novo na valgada, unha atardecida de novembro. Comentoulle os pros e contras de levaren a práctica o plan.

– Quérote –desculpouse, por primeira vez inseguro–. E o sentimento este é distinto aos vulgares imperativos da natureza, rula. Ben distinto...

Ela humillara a cabeza, pero el levantoulla coa man.

– Tamén nós somos distintos, compróbo se non –e amosoulle as poutas enormes, e os dentes afiados tras as fauces, e as orellas e o pelame lustroso. Xunto da súa pel moura, a dela adquería un delicado brillo de nácara.

– Aquí poderíamos ser felices. E se marchamos, sería co teu mal. E non cho quero facer –dixo.

Regresou xunto da avoa amoucada, con febre. Durmiu, durmiu durante días. Durmiu mentres el ouveaba a súa ausencia polos lindeiros da fraga. Antes das neves, en canto soubo do regreso do garda-bosques, empezou preparar a vinganza. Conseguría que o seu querido lobo xogara a “vaste mudando

apetecible” diante do garda-bosques, (os dous rirían a cachón, andando aos rolos pola carriza). Finxirían primeiro que ela apañaba as últimas margaridas para a avoa; el rondaría moi despacio, á espera do intre para cercala. Ela amosaría susto polo terrible aspecto (tiña moi ensaiado o papel de cordeira doutras veces) para, logo, aos poucos, quedar engatusada coas doces palabras que el lle dixese. Remataría por caer nas fauces abertas. A sona do lobo e a estupidez do testigo farían o resto.

Paseaba entre telleiros na tarde devecida e albiscouno na bouza, máis aló. Finxiu, como maxinara, estar apañando os derradeiros morotes. El corría ao axexo, alerta, cruzaba con tino, ás súas costas, para collela desprevenida, como maxinara, sen decatarse doutra presenza. Ao lonxe, o chapeu do garda-bosques saltaba alegre polo carreiro. Era un chapeu marrón cunha faixa colorada.

E deixouse atrapar no abrazo tenro do lobo. Coas caricias, cos rolos ardentes do xogo, non recordou quen camiñaba baixo o sombreiro. Coa carga morna do corpo do lobo, botou ao esquecemento, tamén, as luzenzas das cidades desexadas e non lle pareceu tan mal a proposta de quedaren a vivir no bosco. Acercaba o lobo as fauces agarimosas, os ollos namorados, cando trasvriu por detrás súa o belfo caído do garda-bosques e os canos da escopeta recortada.

– Lisca , meu ben, o garda-bosques... –dixo adoecida.

O disparo estalou no silencio do bosque e o eco espallouno, espallouno. Voou como anuncio da morte polas lindes do sur, por riba das Augas Levadas, polo Camiño Real, polo sendeiro de bolboretas e paxaros; chiou ás portas da casa rosada de balcóns azuis verde-mar, rañou as chemineas da pousada de Susmil, tan lonxe, e foi morrer na carballeira Peneirada...

Para ela aínda resoa e resoa e resoa e resoa...